

dirixidas aos domicilios sinalados nas súas solicitudes de participación.

Sexta.

1. A asistencia ás actividades docentes presenciais é obrigatoria, permitíndose un máximo do 10% das horas teóricas de ausencia xustificadas. A ausencia superior ao 10% das horas lectivas dará lugar á perda de todos os dereitos do alumno, incluíndo o importe da matrícula.

2. Os participantes serán avaliados dos seis primeiros módulos con probas obxectivas individualizadas, de carácter parcial ou global, cuxo desenvolvemento e contido aparecerá detallado no programa do curso. Cada módulo será avaliado de forma independente e, ao finalizar a parte teórica, haberá un exame final a que poderán presentarse os alumnos que non puidesen asistir aos exames parciais ou que os suspenderon.

No caso de que tras realizar o exame final, algún dos alumnos suspenda un ou dos dos módulos que constitúen a parte teórica do curso, a dirección do curso poderá convocar estes alumnos a un novo exame en que poderá examinarse destes. Se nesta convocatoria extraordinaria o alumno non supera algún dos módulos, poderá acceder, exento de taxas, ao exame final da parte teórica que se convoque no próximo curso, igual que aqueles alumnos que no exame final suspenderan máis de 2 módulos.

3. Os traballos de campo que van realizar os aspirantes deberán ser propostos, para a súa aprobación, á dirección docente do curso. Os criterios de avaliación do alumnado, tanto da parte teórica como do traballo de campo, serán detallados no programa do curso.

4. A proba obxectiva e o traballo de campo serán avaliados por un tribunal, en que estarán representadas a Dirección Xeral de Saúde Pública, a Escola Nacional de Sanidade e a Escola Galega de Administración Sanitaria. Actuará como presidente o director xeral de Saúde Pública ou persoa en quen delegue e, como secretario, o director do curso.

O dito tribunal poderá solicitar, de ser o caso, o asesoramento dos expertos e especialistas que estime oportunos, que se limitarán a prestar a súa colaboración nas especialidades técnicas, con voz e sen voto.

5. No caso de que na cualificación do tribunal resultase non apto, o alumnado terá dereito á realización dunha nova proba de avaliación, coincidente coa do próximo curso que se convoque.

6. Finalizada a actuación do tribunal, confeccionarase a relación de aptos e serán expedidos os correspondentes diplomas pola Escola Nacional de Sanidade.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2006.

M^a Berta Rivera Castiñeira

Directora da Escola Galega de Administración Sanitaria

FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA-061

Lista de contratación temporal de facultativos especialistas.

A dirección e a representación dos traballadores da fundación acordaron a aplicación da lista resultante do proceso de selección para a contratación indefinida de persoal facultativo (convocatoria do 28 de setembro de 2006) para todas as vinculacións temporais de persoal facultativo especialista.

A actual lista de contratación temporal de persoal facultativo estará vixente ata a adxudicación definitiva das prazas.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2006.

María Cegarra García

Directora da *Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061*

PADROADO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DO SALNÉS

Anuncio para a contratación de subministración.

1. Entidade adxudicadora.

Padroado para o Desenvolvemento do Plan de Dinamización Turística do Salnés. Mancomunidade do Salnés.

2. Obxecto do contrato: subministración paneis e maquetas.

Prazo de execución: 3 meses.

Acción enmarcada no Plan de Dinamización Turística do Salnés correspondente á cuarta anualidade.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

Forma: concurso.

Procedemento: aberto.

Tramitación: urxente.

4. Orzamento.

Prezo base de licitación: 57.000 €.

5. Garantías.

Provisional: o 2% do prezo de licitación do contrato.

Definitiva: o 4% do prezo de adxudicación do contrato.